



Presentación do Foro. Traballo digno

Tito Suárez Pérez

Bo día, damos comezo ao trixésimo sétimo Foro de Encrucillada, que leva por título *Traballo digno*.

Quero facer algunha observación introdutoria. A primeira: «O traballo faravos libres», con estas cínicas e até criminais palabras eran recibidos os prisioneiros dos campos de concentración nazis. Outra: o termo *Laogai* é o resultado da contracción de *Laodong Gaizao Dui*, palabras chinesas que significan «reforma a través do traballo»; é o lema do sistema de xustiza chinés e os traballos forzosos das prisións chinesas, que veñen ser unha versión dos gulag soviéticos nos que se pretendía a reeducación polo traballo. Unha terceira observación: a etimoloxía do termo *traballo* deriva de *tripalium* –tres paus–, unha especie de xugo que se utilizaba para a tortura. Os mesmos matices de sufrimento achamos noutras linguas, por exemplo o inglés *work* ou *lavoro* en italiano. E a derradeira: o traballo dignifica o ser humano.

Pero..., que é o traballo para o ser humano? Que importancia ten ao longo da súa historia, que pasou de ser un castigo a un dereito?

Como podemos enxergar, o concepto do traballo vai depender absolutamente da concepción antropolóxica que se tiver. Como exemplo, para o papa Francisco o traballo é a vocación do home, así o dixo na homilía do 1 de maio de 2020:

... o traballo non é máis que a continuación do traballo de Deus: o traballo humano é a vocación do home recibida de Deus ao final da creación do universo. E o traballo é o que fai ao home semellante a Deus, porque co traballo o home é un creador, é capaz de crear,

de crear moitas cousas, mesmo de crear unha familia para seguir adiante. O home é un creador e crea co traballo. Esta é a vocación.

E insiste o papa: «o traballo dignifica até tal punto que calquera inxustiza que se cometa contra un traballador é unha ferida para a dignidade humana, incluso atenta contra a dignidade do *agresor*».

Vemos xa tamén a diferente interpretación que fai Francisco respecto da Xénese, que na mesma Biblia vai ir evolucionando e tomando outra traza, desde o traballo como castigo até a censura da explotación laboral e a esixencia do salario xusto.

É sabido tamén que o traballo é un elemento de identidade e de sentido, esaxerando un pouco, na mesma medida que a relixión. Si, o traballo outorga identidade –pensade na orixe dos apelidos, nos oficios: Ferreiro, Besteiro, Mariño, en galego; *Müller* (muiñeiro) en alemán...– O traballo afecta á nosa autoestima, é unha trabe da nosa dimensión humana e da nosa saúde mental.

Mais o traballo foi entendido de distinta forma no decurso dos séculos. Con anterioridade ao 1700 o traballo era a actividade coa que se satisfacían as necesidades humanas; pero en diante, o traballo enténdese como o alicerce da riqueza, como algo fundamental na sociedade.

A revolución na idea do traballo, e do traballo mesmo, vén da man doutra revolución, a industrial, que traerá con ela o capitalismo (aínda que hoxe se retrotrae centos de anos), un sistema económico que pon no centro do seu pensamento o máximo beneficio a expensas de todo o demais.

Reactivamente, nunha nova sociedade, da man do marxismo, estúdase polo miúdo o que significa o traballo, o salario, a dignidade, as clases sociais, a conciencia de clase e até, nese contexto, cal é a esencia do ser humano, até chegar a defender que é o propio traballo.

É claro que o capitalismo e os movementos obreiros non foron sempre igual, mais teñen unhas trazas que os identifican sempre. A dialéctica ou tensión entre este dous pólos foi de sempre confli-

tiva; por unha banda, o capitalismo tenta o maior beneficio, pola outra o obreiro loita pola súa dignidade e contra a cousificación á que é reducido.

Moito se ten avanzado nas relacións entre estas dúas partes e desde moitos ámbitos, pero na actualidade seguen presentes problemas que abordar, como a precariedade laboral, que impide unha seguridade e un proxecto de vida e, xa que logo, pode ser condicante á marxinalidade social; as prexubilacións non voluntarias, que adoitan ser polo interese da empresa e poden afectar á economía familiar e á saúde mental do traballador; o desemprego, non necesita ningunha explicación, é unha das máis adversas situación vitais; as pensións, escasas, cando non indecentes, en moitísimos casos, a saúde laboral, *mobbing* etcétera.

Encrucillada, como revista de pensamento cristián non é nin pode ser allea a iso, nas páxinas da súa historia recóllense numerosísimas participacións de sensibilidades afíns, como as da Irmandade Obreira de Acción Católica (IOAC), ou alusións á Doutrina Social da Igrexa, entre outras.

Neste día hannos axudar a debullar o tema proposto o bispo de Mondoñedo-Ferrol, don Fernando García Cadiñanos, que será presentado por Pedro Castela; Francisco Porcar Rebollar, da HOAC, a quen introducirá Marisa Vidal; e Eloína Ingerto López, presentada por Clara Baliñas Vidal. Pecharemos cunha presentación, confiada a Carmen Soto e Marisa Vidal a modo de homenaxe ás persoas que loitaron pola dignificación do traballo.

Sen máis, retomando o comezo, lembrede, «o traballo faravos libres», e por esixencias do texto, do contexto, e por min mesmo, remato coas palabras de Xoán: «a verdade faravos libres».

Moitas grazas.

Tito Suárez Pérez